



Marta Rouco, xunto ao nome de Vilalba na Praza da Constitución. M.ROCA

MARTA ROUCO ALCALDESA DE VILALBA

► A capital chairrega é unha das últimas incorporacións ao Eixo Atlántico, un organismo de cooperación transfronteirizo no que a rexedora ve "importantes oportunidades" das que se pode beneficiar o concello. Por iso, non dubidou cando se lle formulou a posibilidade de entrar.

"Vilalba aportará ao Eixo a visión dun concello interior de tamaño medio"

POR: M.R.

O EIXO Atlántico oficializou na súa última asemblea a incorporación do Concello de Vilalba, un feito que a alcaldesa, Marta Rouco, destaca polas actividades e experiencias en distintos eidos a nivel europeo nas que estará presente o municipio.

Que valoración fai da adhesión de Vilalba ao Eixo Atlántico?

Considero que é unha oportunidade moi importante para Vilalba formar parte deste organismo de cooperación transfronteiriza. A adhesión ao Eixo Atlántico vai nos ofrecer importantes oportunidades, dende compartir experiencias con outros municipios ata a participación en proxectos europeos que, doutra forma, non serían posibles para Vilalba. E, sobre todo, posibilitará a presenza e participación do noso concello nas actividades e experiencias organizadas polo Eixo en materias como a educación, a cultura, o deporte, o turismo ou a sustentabilidade urbana.

Como foi o proceso ata aquí?

Recordo que no primeiro mandato no que formei parte da corporación municipal, estando na oposición, o grupo socialista presentara xa unha moción ao pleno solicitando que se iniciasen os trámites para a adhesión de Vilalba ao Eixo Atlántico, conscientes das oportunida-

des que nos podía ofrecer. Xa no goberno amosamos oficialmente o noso interese en entrar neste organismo mediante unha carta que eu mesma dirixín ao secretario xeral do Eixo e, en canto nos formularon a posibilidade de formar parte, non o dubidamos.

Apenas son 40 localidades de toda Galicia e do norte de Portugal. Por que cre que aceptaron a inclusión de Vilalba?

O que persegue o Eixo Atlántico é un equilibrio na representación entre zonas de interior e de costa, municipios portugueses e galegos, máis densamente poboados e menos... En definitiva, unha representación o máis fiel posible da poboación da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. E nese sentido valoraron a candidatura de Vilalba, aceptando por unanimidade a integración de Vilalba neste organismo.

Como lle explicaría aos vilalbeses e vilalbesas que é o Eixo Atlántico?

Estamos a falar dun organismo de cooperación transfronteirizo entre Galicia e Portugal que busca a cooperación, a cohesión e o desenvolvemento socioeconómico dos territorios situados a ambos lados da fronteira e, polo tanto, a mellora das condicións de vida dos seus habitantes.

E como se concreta esta filosofía? Con este obxectivo o Eixo fai unha

doble función. Por un lado, pon en funcionamento programas concretos para o desenvolvemento da eurorrexión e, por outro, actúa tamen como lobby político en defensa dos intereses das cidades que representa ante os gobernos autonómico, estatal e da Unión Europea. Ademais, é importante ter en conta que a eurorrexión formada por Galicia e o Norte de Portugal conta cunha poboación de case 6,5 millóns de persoas, sendo fundamental a interrelación actual tanto no ámbito social, como no económico e no cultural, pois permite incrementar as oportunidades e contar cun gran potencial de desenvolvemento futuro.

Que pode aportar Vilalba a este organismo e aos seus integrantes?

Entre outras cousas, parte da filosofía do Eixo Atlántico é a de experiencias compartidas entre os municipios que o integran e, nese sentido, Vilalba poderá aportar a visión dun concello de tamaño medio e do interior da provincia Lugo, cunha serie de problemáticas comúns que afectan á Galicia

interior. Creo que é importante que a nosa vila estea representada e permitirá ademais que Lugo conte cun maior peso neste organismo.

Vilalba e Betanzos, localidade que se uniu tamén agora, están gobernadas por mulleres, un feito que destacaron dende o propio Eixo Atlántico como reforzo do camiño cara a igualdade na política local.

Na propia asemblea do Eixo Atlántico había unha exposición fotográfica de distintas reunións que se fixeron dende a súa fundación e o secretario xeral aproveitou a integración de Vilalba e de Betanzos para destacar a importancia da incorporación de perfís femininos xa que nas fotos iniciais só había representantes homes.

Como o ve vostede?

Para min, como digo sempre, é unha moi boa noticia que as mulleres estean en primeira liña da política e ocupando postos de responsabilidade, amosando un cambio tan necesario. Sen dúbida, en organismos como o Eixo Atlántico, pero en xeral en calquera eido de responsabilidade, é fundamental unha maior presenza de mulleres, porque non podemos olvidar que somos a metade da poboación e non pode ser que ata fai pouco tempo non estivesemos nin representadas neste tipo de organismos.

Actividades

"Participaremos en intercambios escolares con Guimarães"

Unha das primeiras actividades de Vilalba dentro do Eixo Atlántico será a participación na feira Expocidades, que se celebrará o vindeiro mes de maio en Sarria. Xa están traballando nesta cita? Que tratarán de mostrar nela?

Si, este ano temos intención de participar en Expocidades, unha mostra de turismo que dá resposta a un dos fins do Eixo Atlántico: promover o turismo entre Galicia e Portugal. Nesa liña cremos que Vilalba debe estar presente e que é unha boa oportunidade estar neste escaparate para que as persoas que acudan á feira e, singularmente posibles turistas portugueses, coñezan todo o que temos que ofrecer en Vilalba.

Suporía abrirse a novas fronteiras...

Ademais, tamén é unha boa conxuntura a nivel comunicativo porque Expocidades conta cunha forte estratexia comunicativa que congrega a múltiples medios de comunicación na feira e que permitirá dar a coñecer Vilalba non só aos asistentes da feira, senón tamén a todas as persoas que, a través dos medios de comunicación, reciben información sobre ela.

Hai algún proxecto ou actividade na que estea previsto que Vilalba participe a curto prazo?

Si, no mes de xuño teremos no noso auditorio municipal a décimo quinta edición da Bienal de Pintura do Eixo Atlántico, un programa con máis de 25 anos de traxectoria que leva a pintura de artistas do noroeste peninsular de forma itinerante polos diferentes municipios que integran ao Eixo Atlántico. Tamén participaremos nos vindeiros meses nos intercambios escolares, no noso caso co municipio de Guimarães.

En que consistirán?

Os nenos e nenas de Vilalba traballarán sobre este municipio portugués e despois terán a oportunidade de ir visítalo e coñecer a nenos e nenas da súa idade en Portugal, os cales tamen farán o mesmo con Vilalba.

E teñen en mente algunha iniciativa a medio ou longo prazo?

Tamén queremos aproveitar, pero xa dende o primeiro momento, outras potencialidades que nos ofrece o Eixo e que teñen que ver con traballos máis técnicos no ámbito do turismo e tamén do desenvolvemento do noso concello.

É importante que a nosa vila estea representada e permitirá que Lugo conte cun maior peso neste organismo"